

**ORDE do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2024. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. DOG Nº 237, 10/12/2024**

## Obxecto e principios

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de **fauna silvestre (lobo, oso e xabaril)**, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, procedendo á súa convocatoria para o ano 2025.

## Actuacións subvencionables

**a) Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo:** para a adquisición de cans para a protección e defensa do gando, de pastores eléctricos e/ou de cerrumes de malla electrificada, cuxa adquisición se faga, en todos os casos, con posterioridade á publicación desta orde.

**b) Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso:** para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

**c) Liña para a prevención de danos ocasionados polo xabaril:** para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

## Persoas beneficiarias e requisitos

### 1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo e oso:

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta, equino e apícola que **figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia**.

### 2. Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso:

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas asentadas en concellos zona oseira e área de influencia (anexo III).

### 3. Liña para a prevención de danos ocasionados polo xabaril.

Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean **inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga)**, creado mediante o Decreto 200/2012, de 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e modificado pola disposición derradeira terceira do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

b) **As explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.**

## Adquisición de cans protectores e defensores do gando

1. Será subvencionable a **adquisición de cans protectores e defensores do gando cunha idade inferior ou igual aos catro meses, das seguintes razas: mastín español, mastín do Pirineo e can de palleiro, así como os gastos da súa identificación.**
2. Estas axudas poderán **cubrir a totalidade do custo de adquisición dos cans protectores e defensores do gando**, así como os gastos da súa identificación. O número dos animais subvencionables por explotación estará en función do número de reses da explotación gandeira, podendo subvencionarse **un máximo dun can protector e defensor do gando por rabaño de ata 60 reses de gando menor ou 15 reses de gando maior; ata un máximo de dous cans por explotación**, cando se supere este número de reses.
3. Será subvencionable **o gasto de manutención de cans protectores e defensores** do gando das razas descritas no punto 1 deste artigo, cos mesmos requisitos sobre identificación e rexistro que os sinalados anteriormente
4. O importe máximo das axudas para a adquisición dos cans protectores e defensores do gando, así como os gastos da súa identificación **non excederá os 300 € por can e, no caso de gastos de mantemento, os 200 € por can.**

## Adquisición de pastores eléctricos

1. As axudas relativas á adquisición dos pastores eléctricos poderán cubrir a totalidade do seu custo de adquisición, IVE excluído, **ata un máximo de 3 pastores eléctricos por persoa beneficiaria.**
2. A contía **máxima da axuda por explotación será de 600 euros.**
3. O importe máximo das axudas para a **adquisición de pastores eléctricos será de 150 euros por pastor eléctrico alimentado por batería ou conectado á rede eléctrica, e de 300 euros por pastor eléctrico cuxa batería se alimente con panel fotovoltaico.**
4. O número de pastores eléctricos que poderá subvencionarse por explotación gandeira ou agraria, asignarase de acordo co seguinte:
  - a) No caso dunha explotación gandeira de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta, e equino; en función do número de reses de gando maior e menor con que conte a explotación:

Núm. de reses de gando menor*	Núm. de reses de gando maior*	Núm. de pastores eléctricos
De 1 a 50	De 1 a 20	1
De 51 a 100	De 21 a 50	2
Máis de 100	Máis de 50	3

\*Para os efectos desta axuda considérase:

- Gando maior: gando bovino, equino e asnal.
- Gando menor: gando ovino, caprino e porcino.

- b) No caso dunha explotación apícola, en función do número de asentamentos con que conte a explotación:

Nº de asentamentos apícolas	Núm. de pastores eléctricos
Menor ou igual a 4	1
De 4 ata 10	2
Máis de 10	3

c) No caso dunha explotación agraria, en función da superficie admisible declarada na solicitude única da política agraria comunitaria (PAC) do ano 2022.

Superficie admisible declarada (hectáreas)	Núm. de pastores eléctricos
Menor ou igual a 10	1
De 11 ata 20	2
Máis de 20	3

d) Para persoas propietarias de explotacións agrícolas destinadas ao autoconsumo, establécese un máximo dun pastor eléctrico por persoa beneficiaria.

### Adquisición de cerrumes móbiles de malla electrificada

As mallas terán que cumprir as especificacións que figuran no anexo I desta orde.

As axudas concedidas poderán cubrir a totalidade do custo da adquisición de cerrumes móbiles de malla electrificada, IVE excluído.

A contía máxima da dita axuda será de **100 euros por malla de 50 m**, ata un máximo de 8 mallas por explotación.

### Presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes finalizará o **10 de xaneiro de 2025**.